

*Grao en
Linguas Estranxeiras*


O Grao en Linguas Estranxeiras ofrece formación especializada no eido das linguas e das literaturas modernas, adquirindo as correspondentes destrezas de comprensión oral e escrita nas linguas estudadas, ademais dun coñecemento global da realidade lingüística, histórica, cultural e literaria dos países asociados coas linguas do grao. O primeiro idioma estranxeiro é a lingua inglesa, e poderá elixirse un segundo e un terceiro idioma na combinación preferida entre alemán, francés e portugués, con tres niveis de saída diferentes.

Datos básicos da titulación

- Campus: Vigo
- Centro: Facultade de Filoloxía e Tradución
- Linguas de impartición: galego, español; alemán, francés, inglés e portugués
- Número de créditos: 240 distribuídos en 4 cursos de 60 créditos
- Número de prazas de novo ingreso: 50
- Modalidade: presencial

Para máis información

Web: fft.uvigo.es
Enderezo electrónico: sdfft@uvigo.gal
Tfno.: +34 986 812 375



GRAO

*Linguas
Estranxeiras*



Grao en Linguas Estranxeiras

Perfil do estudantado de novo ingreso

Estudantado con interese polo coñecemento dos idiomas modernos e das súas literaturas; con sensibilidade para a diversidade cultural e literaria; con gusto pola lectura e por comunicar; con vontade por fomentar a creatividade, o sentido crítico e as habilidades para manexar todo tipo de ferramentas da información; con espírito emprendedor e capacidade de iniciativa.

Acceso e admisión

- Bacharelato con ABAU superada
- Ciclos formativos de grao superior
- Proba de acceso para maiores de 25, 40 ou 45 anos
- Titulación universitaria previa

Formación

A formación do estudantado inclúe un primeiro ciclo que proporciona fundamentos teóricos e de carácter práctico en dous idiomas modernos (primeiro e segundo idioma en distinto nivel), ademais de coñecementos filolóxicos e culturais básicos de carácter lingüístico, literario e histórico do primeiro idioma; e un segundo ciclo de formación máis especializada orientada ao primeiro idioma inglés, ademais de coñecementos avanzados do segundo idioma e coñecementos básicos dunha terceira lingua. Nos dous primeiros cursos, comparte 90 créditos comúns con outro grao do centro, o de Filoloxía Aplicada Galega e Española. Esta formación permite perspectivas moi amplas nos coñecementos lingüísticos e moita competitividade nun mundo global multilingüe.

- Forte compoñente práctica na aprendizaxe das linguas (numerosos créditos prácticos).
- Posibilidade de combinación de varias linguas en distintos niveis.
- No último curso ofrécese unha gran variedade de materias optativas.

Saídas profesionais

- Docencia en ensino secundario e en bacharelato
- Docencia universitaria
- Docencia en escolas oficiais de idiomas, academias etc.
- Interpretación e tradución.
- Mediación lingüística e cultural
- Tratamento de textos en empresas diversas (axencias de viaxes, compañías aéreas, empresas de exportación e importación...)
- Traballo en organismos internacionais que requiren coñecementos de idiomas
- As industrias culturais e creativas (videoxogos...)
- Departamentos culturais, radio e televisión, cine, mundo editorial e xornalístico, axencias de publicidade etc.



Materias

	ECTS	Carácter	Semestre
1.º curso			
Idioma moderno. Primeiro idioma estranxeiro I: inglés	6	FB	1
Idioma moderno. Primeiro idioma estranxeiro II: inglés	6	FB	1
Idioma moderno. Segundo idioma es- tranxeiro I: francés/alemán/portugués	6	FB	1
Historia: historia dos países do primeiro idioma	6	FB	1
Lingua: comunicación escrita e oral en galego/español	6	FB	1
Idioma moderno. Primeiro idioma estranxeiro III: inglés	6	FB	2
Idioma moderno. Primeiro idioma estranxeiro IV: inglés	6	FB	2
Idioma moderno. Segundo idioma es- tranxeiro II: francés/alemán/portugués	6	FB	2
Lingüística: lingüística	6	FB	2
Literatura: pensar a literatura	6	FB	2

	ECTS	Carácter	Semestre
2.º curso			
Primeiro idioma estranxeiro V: inglés	6	OB	1
Segundo idioma estranxeiro III: francés/ alemán/portugués	6	OB	1
Pronunciación do primeiro idioma estranxeiro: inglés	9	OB	1
Introdución á literatura do primeiro idioma estranxeiro	9	OB	1
Primeiro idioma estranxeiro VI: inglés	6	OB	2
Segundo idioma estranxeiro IV: francés/ alemán/portugués	6	OB	2
Literatura e cultura do segundo idioma estranxeiro: francés/alemán/portugués	6	OB	2
Lingua para fins específicos	6	OB	2
Tecnoloxías da linguaxe	6	OB	2

	ECTS	Carácter	Semestre
3.º curso			
Primeiro idioma estranxeiro VII: inglés	9	OB	1
Segundo idioma estranxeiro V: francés/ alemán/portugués	6	OB	1
Morfosintaxe do primeiro idioma estranxeiro: inglés	9	OB	1
Análise e interpretación literaria de textos do primeiro idioma estranxeiro: inglés	9	OB	1
Terceiro idioma estranxeiro I: francés/ alemán/portugués	9	OB	2
Historia do primeiro idioma estranxeiro: inglés	6	OB	2
Ámbitos literarios I. Primeiro idioma estranxeiro: inglés	6	OB	2
Ámbitos literarios II. Primeiro idioma estranxeiro: inglés	6	OB	2

	ECTS	Carácter	Semestre
4.º curso			
Terceiro idioma estranxeiro II: francés/ alemán/portugués	6	OB	1
Significado e discurso do primeiro idioma estranxeiro: inglés	6	OB	1
Ámbitos literarios III. Primeiro idioma estranxeiro: inglés	6	OB	1
Traballo fin de grao	6	OB	2



Optativas de 4.º curso *	ECTS	Carácter	Semestre
Adquisición e aprendizaxe do primeiro idioma estranxeiro: inglés	6	OP	1
Análise de textos escritos/orais do primeiro idioma estranxeiro: inglés	6	OP	1
Estrutura do primeiro idioma estranxeiro: inglés	6	OP	1
Literatura e identidade cultural do primeiro idioma estranxeiro: inglés	6	OP	1
Literatura e sociedade do primeiro idioma estranxeiro: inglés	6	OP	1
Literatura e outras artes do primeiro idioma estranxeiro: inglés	6	OP	1
Discurso oral do primeiro idioma estranxeiro: inglés	6	OP	2
Variación e cambio no primeiro idioma estranxeiro: inglés	6	OP	2
Lingua e sociedade do primeiro idioma estranxeiro: inglés	6	OP	2
Xéneros literarios do primeiro idioma estranxeiro: inglés	6	OP	2
Literatura e identidade de xénero do primeiro idioma estranxeiro: inglés	6	OP	2
Movementos culturais e literarios do primeiro idioma estranxeiro: inglés	6	OP	2

* Escóllanse 12 créditos por cuadrimestre